



A Coruña, a 23 de maio de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°41 TEMP 2022-23.**

**Equipos participantes: C.W.Lugo - C.N.C.Oviedo**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.**

**Data de celebración: 14/05/2023.**

**FEITOS**

. O día 18 de maio foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuiz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 2:16 do terceiro período se expulsa definitivamente, con substitución disciplinaria, ao xogador visitante n° 10, R.A. Pozo Velasco, con n° de licencia 6597990 por:*

*Protestar as decisións arbitrais erguendo un brazo en xeito de desaprobación e dicíndolle ao árbitro "Venga hombre!" tras sinalarse unha falta na súa contra." .".*

- O día 19 de maio deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN) e con mesma data foi reenviado un correo electrónico asinado por P . Hurle Mosqueira do CNC Oviedo, sen que acredite nin a representación nin en calidade de que actúa neste procedemento, o cal debería ser suficiente para inadmitilo, se ben non faremos por non causar indefensión, advertindo que os escritos deben conter os datos mínimos que recolle a normativa.
- Sentado canto antecede, o club manifesta que o xogador non quería protestar e que non se refería a ninguén cando fixo o seu xesto, que ata hoxe non recibiran copia da acta polo que non coñecían o motivo da expulsión, o cal supón indefensión. Ademais piden a suspensión cautelar da posible sanción e aclarar si poden ou non aliñar o xogador de cara ao encontro a xogar na fin de semana.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada, posto que o afirmado non é mais que a versión dos feitos por parte do club carecendo de outro sustento probatorio, non existindo indefensión en canto se lle esta concedendo un trámite de audiencia no que se lle expoñen claramente os feitos recollidos no anexo e concedéndolle un prazo para alegar o que estimen convinte antes de resolver, o cal fixeron
- Os feitos que motivan a expulsión definitiva con substitución disciplinaria como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- Agravante de reincidencia do artigo 12 toda vez que o xogador xa foi sancionado esta mesma tempada por infracción á disciplina deportiva de igual gravidade (Acta n° 2 data 20/10/2022).

- A concesión da suspensión cautelar das sancións non é potestade deste Xuíz Unico, correspondendolle ao Comité de Apelación.

- **RESOLVE**

- Sancionar a D. A. Pozo Velasco con número de licenza 1020477 xogador do C. N. Oviedo cat. División de Honra Masculina con dous encontros de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN